



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra ditou a seguinte
RESOLUCIÓN:

ASISTENTES

PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias
(Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

Víctor Abelleira Argibay
(Representante do colexio de avogados da
provincia)

Lorena Peiteado Pérez (Letrada da Xunta
de Galicia)

**VOGAIS REPRESENTANTES DA
CMVMC DE SALCEDO**

Fernando Pintos Pereira
Rogelio Barcala Martínez

SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria
adscrita ao Servizo Xurídico
Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30
horas do día 09/07/2019 coa asistencia das
persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª
planta do edificio administrativo sito no nº
43 da Avda. María Victoria Moreno o
Xurado Provincial de Clasificación de
Montes Veciñais en Man Común de
Pontevedra co obxecto de decidir, entre
outros asuntos, sobre a resolución do
expediente de clasificación dos montes
denominados “ **O Casal e Cabanas**”,
solicitados a favor dos veciños da
CMVMC de Salcedo, da parroquia de
Salcedo (Pontevedra)

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro. O 17/11/2017, o Presidente da
comunidade de montes en man común (en
diante CMVMC) de Salcedo, Concello de
Pontevedra, solicita a clasificación como
montes veciñais en man común (en diante
MVMC) as parcelas O Casal (referencia
catastral 36900A038001390000QL e
superficie gráfica catastral de 1.743 m²) e
Cabanas (referencia catastral
9656212NG2995N0001LY e superficie
gráfica catastral de 1.126 m²) a favor dos
veciños da Parroquia de Salcedo. Coa
solicitude xunta:

Memoria e Levantamento topográfico
asinado por enxeñeiro técnico forestal.

Declaración do uso e aproveitamento
consuetudinario en man común dende
tempos inmemoriais polo conxunto
dos veciños da parroquia de Salcedo.
Realizan de xeito histórico a
extracción de leñas para consumo
familiar e a recollida de esquilmes de
toxo, frouma e fentos para cama do
gando.

Segundo. O 05/12/2017, o xefe da Sección de Topografía informa que a planimetría achegada permite identificar as parcelas O Casal (segundo medición topográfica 1,528 has) e Cabanas (segundo medición topográfica 0,0855 has), que as parcelas non se atopan clasificadas, da non afección a montes de Utilidade Pública nin Patrimoniais e xunta montaxe da medición topográfica e catastro entre as que existen pequenas diferenzas. Na metade leste de O Casal existe unha servidume de liña aérea xunto cun apoio. Estes dous terreos foron solicitados na proposta de deslinde desta comunidade presentada no ano 2014 e foron rexeitados por este servizo. Informándolle á comunidade que podía solicitar a súa clasificación.

Terceiro. O 03/07/2018, o Xurado de MVMC de Pontevedra incoar expediente de clasificación das parcelas O Casal (36900A038001390000QL) e Cabanas (9656212NG2995N0001LY) e nomear instrutora a Amalia Elsa Pazos Pintos. Este acordo notificase o 09/07/2018 ao Concello de Pontevedra e o 16/07/2018 ao promotor da clasificación.

Cuarto.- Á vista da documentación achegada polo promotor do expediente e o informe do Servizo de Montes, as parcelas obxecto do presente expediente teñen a seguinte descrición:

Concello: Pontevedra

Parroquia: Salcedo

Nome do monte: O Casal

Cabida: 1.528 m² (superficie alegada na solicitude)

Parcela ref. Catastral 36900A038001390000QL

Estremas:

	Poligono-parcela	Titular	Ref. catastral
Norte	38-234	Obdulia Vilas Fernández	36900A038002040000QQ
	38-237	Baltasar Mayor Fernández Blanco	36900A038002370000QT
	38-239	Hermosinda Blanco Pazos	36900A038002370000QM
Sur	38-138	Francisco Santiago López	36900A038001380000QP
Leste	-----	Cun treito da estrada provincial EP-0019 da Deputación Provincial de Pontevedra (non consta ref catastral)	-----
	38-10244	Laureano Méndez Núñez	36900A038102440000QU
	38-245	Rogelio González Acuña	36058A038002450000QR
	38-272	Manuela Peleteiro Agulla	36058A038002720000QT
Oeste	38-75	Manuela Juncal Corrales	36900A038000750000QQ



Nome do monte: Cabanas

Cabida: 855 m² (superficie alegada na solicitude)

Ref. Catastral 9656212NG2995N0001LY

Estremas:

Norte	Polígono-parcela	Titular	Ref. catastral
	-----	Daniel Díaz Pastoriza	9656209NG2995N0001LY
Sur	-----	Cun treito de estrada local do concello de Pontevedra (non consta ref catastral)	-----
	59-204	Dolores González Malvar	36900A059002040000QF
Leste	59-20204	Dolores González Malvar	36058A059202040000QG
	59-9006	Estrada local do concello de Pontevedra	36058A059090060000QM
Oeste	-----	José Luis Pedrosa Ruíz	9656211NG2995N0001PY

Quinto. O 22/09/2018, o enxeñeiro técnico forestal II do Distrito Forestal Caldas-Salnés emite informe preceptivo:

"Nas parcelas O Casal e Cabanas [...] constátase a existencia de superficie baldía con presenza de herbáceas e mato e algúns pés de arborado de frondosa. Solo franco e de profundidade media. Ofrece posibilidades –ao marxe das escasas superficies- para cultivo arbóreo. Non se observa ao día de hoxe, actividade pastoral (pouca superficie dos predios); tampouco indicios. Tampouco se observan aproveitamentos madeirables. En fincas particulares colindantes apréciase límite físico observable coas fincas que nos ocupan. Non se constata a extracción de madeira para uso doméstico. Non se constata a existencia de construcións rurais auxiliares nas fincas que pretenden ser clasificadas "

Sexto. O 09/10/2018, o Rexistro da Propiedade núm.1 de Pontevedra certifica que as fincas das que se insta a clasificación, coa información facilitada, non se atopa inscrita no Rexistro. Ordénase as anotacións preventiva no Rexistro da Propiedade de Pontevedra, notificase o trámite de audiencia, publícase edicto no Concello de Pontevedra e no DOG o anuncio do 10 de xaneiro de 2019 polo que se inicia a clasificación dos montes O Casal e Cabanas a favor da CMVMC de Salcedo (DOG núm.21, do 30 de xaneiro).

Sétimo. O 16/10/2018 o presidente da CMVMC de Salcedo achega documentación acreditativa do aproveitamento dos montes "O Casal" e "Cabanas" por parte dos veciños da parroquia de Salcedo: Facturas de limpeza, denuncia do Concello de Pontevedra á CMVMC de Salcedo por ter a finca Cabanas con maleza (ano 2014) e declaracións xuradas de veciños do aproveitamento consuetudinario en man común das parcelas que se pretenden clasificar.

Oitavo. Durante o período do trámite de audiencia non se reciben alegacións de terceiros afectados e a CMVMC reitérase na documentación achegada o 16/10/2018. O 14/03/2019 o Xurado de MVMC de Pontevedra solicita proposta de resolución de clasificación das parcelas O Casal e Cabanas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter segundo o establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. O artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común define o monte veciñal en man común:

“Son montes veciñais en man común e se rexerán por esta Lei os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños”.

Deste xeito para que un monte sexa declarado veciñal en man común o aproveitamento debe quedar acreditado non só nun pasado, senón tamén no presente e de forma continuada, así o establece o antedito artigo 1 da Lei 13/1989 e as diversas resolucións xudiciais que o interpretan, concluíndo que o decisivo para a inclusión dun monte na categoría de veciñal en man común, é que resulte acreditada a constante posesión continuada do aproveitamento dos montes polos veciños promotores de xeito continuado.


Terceiro. O uso ou aproveitamento en man común das parcelas O Casal e Cabanas queda suficientemente acreditado pola documentación e declaracións de antigos usos tradicionais.

Finalmente, o feito de que durante a tramitación do expediente non consten alegacións á clasificación como MVMC de terceiros que acreditasen un uso privativo destas parcelas demostra que existe un aproveitamento público, pacífico e continuado en común por parte dos veciños da parroquia de Salcedo, Concello de Pontevedra.

En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, O XURADO acorda por unanimidade dos seus membros: **CLASIFICAR** como monte veciñal en man común as parcelas “O Casal” coa referencia catastral 36900A038001390000QL e superficie gráfica catastral de 1.743 m² e “Cabanas” coa referencia catastral 9656212NG2995N0001LY e superficie gráfica catastral de 1.126 m², solicitada a favor da CMVMC de Salcedo, da parroquia de Salcedo, concello de Pontevedra, de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito cuarto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.







XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

Clasificación do Monte O Casal - 36900A03800139

CMVMC de Salcedo. Pontevedra

Pontevedra Escala: 1:3.000 (etrs-89) Xullo - 2019

[Handwritten signature and official stamp of the Xunta de Galicia]

529200

529500

529800

530100

4695600

4695300

4695600

4695300

Cabanas
9656212NG2995N
1.126 m²

CEIP
Cabanas

Dist. Forestal
KIX

N-550

FF.CC.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

Clasificación do Monte Cabanas - 9656212NG2995N

CMVMC de Salcedo. Pontevedra

Pontevedra

Escala: 1:3.000 (etrs-89)

Xullo 2019

529200

529500

529800

530100

